

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 6 DE FEBREIRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 6 de febreiro de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a M^a Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Non asiste D. Moisés Blanco Paradelo, cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez .

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 16 de xaneiro de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 16 de xaneiro de 2014 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

2º Ditame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo relativo á solicitude do Plan Provincial 2014.

Fai uso da palabra o sr Alcalde para dicir que a finalidade deste punto da orde do día é ratificar en Pleno o acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xaneiro de 2014, sobre aprobación dos proxectos a incluír no Plan Provincial do ano 2014. Dá conta do ditame da comisión informativa e di que despois da celebración da Comisión de Obras na que se ditaminou o presente punto, chegou unha notificación da Deputación Provincial poñendo en coñecemento desta Corporación que aqueles Concellos nos que o proxecto sexa maior dos 50.000€ que pon a Deputación deberán asumir a achega municipal, é dicir que no acordo plenario deberá figurar o compromiso expreso do Concello de incluír nos orzamentos do ano 2014 a achega municipal ao Plan. Di o alcalde que este compromiso non figura nas bases reguladoras do Plan pero que pensa que como en moitos casos estes proxectos vainos a adxudicar e a executar a Deputación provincial, pois o que quere a Deputación é o compromiso daqueles concellos que teñan que aportar unha cantidade ao Plan para poderlla reclamar se é preciso, aínda que non é este o caso do Barco posto que no acordo que se vai a ratificar agora, vai unha petición de delegación de competencias porque o proxecto execútao o Concello do Barco. Di o Alcalde que este compromiso do que se está a falar sería unha emenda ao ditame, engadindo un punto número 2º, de xeito que a parte dispositiva do acordo quedaría redactada así:

“1º Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xaneiro de 2014 que a continuación se transcribe:

“PRIMEIRO: Solicitar a participación do Concello do Barco de Valdeorras no Plan Provincial 2014, publicado no B.O.P. de Ourense núm. 8 do 11 de xaneiro de 2014, mediante a inclusión da obra “Pavimentación, saneamento e abastecemento entorno ao Colexio Divina Pastora, na Rúa Valle Inclán, núcleo urbano do Barco, 1ª fase” definida no proxecto de obra “Urbanización del entorno Colegio Divina Pastora-Calle Valle Inclán, 1ª Fase” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo, cun orzamento de execución por contrata de 73.500 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído.

SEGUNDO: Solicitar a inclusión no Plan Provincial de 2014, ao que se refire o apartado Primeiro deste acordo, como obra adicional de acordo co apartado 6 da base 2ª reguladora deste Plan, da obra “Pavimentación, saneamento e abastecemento da Rúa Vicente Risco e remate da Rúa Valle Inclán, no núcleo

urbano do Barco” definida no proxecto de obra “Urbanización Rúa Vicente Risco y Remate Rúa Valle Inclán”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo, cun orzamento de execución por contrata de 84.500 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído.

TERCEIRO: Solicitar a Deputación Provincial de Ourense, ao abeiro da base 5ª reguladora do Plan Provincial 2014, a delegación, en favor do Concello do Barco de Valdeorras, da competencia para a contratación da obra á que se refire o apartado Primeiro deste acordo. Para o caso de acordarse a delegación solicitada pola Deputación Provincial de Ourense en favor do Concello do Barco de Valdeorras entenderase esta delegación aceptada polo Pleno sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO: Que pola Alcaldía se leve a cabo as actuacións precisas para a efectividade deste acordo.”.

2º O Concello comprométese a incluír no orzamento do ano 2014 a achega municipal que lle corresponda asumir ao Concello, segundo as bases reguladoras Plan Provincial de 2014, publicado no BOP de Ourense núm. 8 do 11 de xaneiro de 2014, para a licitación e execución das obras incluídas no Plan Provincial 2014.

Concédeselle á palabra ao concelleiro do Grupo Municipal do P.P., sr Moldes Gómez, quen di que o seu Grupo vai votar a favor, pois están totalmente de acordo co proxecto pois é nunha zona moi necesitada non solo polo Colexio senón polas edificacións que existen alí. Di que o seu Grupo xa o tiña solicitado en varias ocasións e pensan que chega algo tarde.

Di o sr Alcalde que podería haber chegado antes si o Conselleiro de Medio Ambiente cumprira o seu compromiso de rematar no ano 2008, con cargo á Consellería, a primeira fase da avenida da Deputación e da rúa Curros Enríquez e que se tiña asumido ese compromiso pola Consellería e a día de hoxe non se ten feito polo que, independentemente do compromiso, a obra vai a facela o Concello.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1º Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xaneiro de 2014 que a continuación se transcribe:

“PRIMEIRO: Solicitar a participación do Concello do Barco de Valdeorras no Plan Provincial 2014, publicado no B.O.P. de Ourense núm. 8 do 11 de xaneiro de 2014, mediante a inclusión da obra “Pavimentación, saneamento e abastecemento entorno ao Colexio

Divina Pastora, na Rúa Valle Inclán, núcleo urbano do Barco, 1ª fase” definida no proxecto de obra “Urbanización del entorno Colegio Divina Pastora-Calle Valle Inclán, 1ª Fase” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo, cun orzamento de execución por contrata de 73.500 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído.

SEGUNDO: Solicitar a inclusión no Plan Provincial de 2014, ao que se refire o apartado Primeiro deste acordo, como obra adicional de acordo co apartado 6 da base 2ª reguladora deste Plan, da obra “Pavimentación, saneamento e abastecemento da Rúa Vicente Risco e remate da Rúa Valle Inclán, no núcleo urbano do Barco” definida no proxecto de obra “Urbanización Rúa Vicente Risco y Remate Rúa Valle Inclán”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo, cun orzamento de execución por contrata de 84.500 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído.

TERCEIRO: Solicitar a Deputación Provincial de Ourense, ao abeiro da base 5ª reguladora do Plan Provincial 2014, a delegación, en favor do Concello do Barco de Valdeorras, da competencia para a contratación da obra á que se refire o apartado Primeiro deste acordo. Para o caso de acordarse a delegación solicitada pola Deputación Provincial de Ourense en favor do Concello do Barco de Valdeorras entenderase esta delegación aceptada polo Pleno sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO: Que pola Alcaldía se leve a cabo as actuacións precisas para a efectividade deste acordo.”

2º O Concello comprométese a incluír no orzamento do ano 2014 a achega municipal que lle corresponda asumir ao Concello, segundo as bases reguladoras Plan Provincial de 2014, publicado no B.O.P. de Ourense núm. 8 do 11 de xaneiro de 2014, para a licitación e execución das obras incluídas no Plan Provincial 2014.

3º Ditame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo relativo á aprobación dos proxectos de obras incluídos no Plan Provincial 2014.

Di o sr Alcalde que fai referencia aos dous proxectos dos que se falou no punto anterior, que foron ditaminados na Comisión de Obras do 28 de xaneiro de 2014.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar o proxecto de obra “Urbanización del entorno Colegio Divina Pastora-Calle Valle Inclán, 1ª Fase” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo, cun orzamento de execución por contrata de 73.500 euros e declarar que se axusta as esixencias da Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Segundo: aprobar o proxecto de obra “Urbanización Rúa Vicente Risco y Remate Rúa Valle Inclán”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo, cun orzamento de execución por contrata de 84.500 euros e declarar que se axusta as esixencias da Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa do Servizo de Axuda no Fogar do Concello do Barco de Valdeorras.

Dá conta o alcalde do Ditame da comisión informativa e fai uso da palabra para dicir que a Xunta modificou a participación no financiamento do servizo de axuda no fogar mediante o decreto 149/2013, e o que se trae a pleno é a adaptación da ordenanza municipal a ese novo decreto. Di que o prezo por hora prestada mantense igual, que a xente vai seguir pagando máis ou menos o mesmo que estaba a pagar ata agora, pois mantéñense os grados I, II e III aínda que cunha posibilidade respecto das horas de atención na casa que cada usuario podería recibir e non dúas como se viña facendo. Di o Alcalde que aqueles que xa teñen concedida a asistencia cun número determinado de horas, aínda que superen os límites aprobados pola Xunta no citado decreto, quedan como están, a eles non lles afecta a redución das horas. Di o Alcalde que onde o Concello ten máis marxe, ao

non estar regulada tan estrictamente, é na axuda a domicilio básica, polo que se fixeron moitos tramos para que haxa diferencias reais no custo do servizo e deste xeito aqueles que teñen máis pagan máis, como debe ser, sen embargo na dependencia a diferenza é mínima, que pensa que é un erro, aínda que eso o paga a administración autonómica e ven regulado pero que el entende que é máis xusto o que se aplica neste Concello, que o que non ten non se lle cobra pero o que ten paga a axuda que se lle presta. Remata dicindo o sr Alcalde que é un tema que xa ven pechado practicamente, e ó vir regulado o Concello non pode entrar nel.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1-Modificar a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS que quedará redactada do seguinte xeito:

Artigo 7 se engade o seguinte texto:

Descontaranse os gastos de alugueiro da vivenda habitual.

Artigo 8-2 quedando do seguinte xeito:

% IPREM Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Artigo 8-4 As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deivindicarán un 40 % do importe

correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva da praza.

Nos servizos de axuda no fogar que, mediando renuncia da persoa usuaria, sexan prestados por número de horas ao mes inferior as intensidades establecidas nas táboas que para estes servizos se detallan no anexo II, a participación no seu financiamento será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

Artigo 9-1 quedando do seguinte xeito:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1.60 IPREM	12%
Maior de 1,60 e menor ou igual a 1.70 IPREM	15%
Maior de 1.70 e menor ou igual a 1.80 IPREM	18%
Maior de 1.80 e menor ou igual a 2.00 IPREM	20%
Maior de 2.00 e menor ou igual a 2.10 IPREM	25%
Maior de 2.10 e menor ou igual a 2.20 IPREM	30%
Maior de 2.20 e menor ou igual a 2.30 IPREM	40%
Maior de 2.30 e menor ou igual a 2.50 IPREM	50%
Maior de 2,50 IPREM	80%

Esta modificación da ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da corporación, procedendo no seu caso, á aprobación do acordo

definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O Acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza será publicado no BOP de Ourense a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión de bonificación no ICIO solicitada por Dª Carmela e D Andrés Docampo Paradelo.

Da conta o sr. Alcalde do ditame da comisión informativa e fai uso da palabra para dicir que é unha obra en zona de núcleo rural, na rúa das Cortes, que pola ubicación tería dereito á concesión solicitada pero a bonificación está establecida para obras de mellora de reforma e non para novas construcións, e como neste caso vanse a construír dous garaxes no informe do técnico municipal afirmase que non procede dita bonificación, polo que a proposta da comisión de facenda é desfavorable.

Concédeselle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP, sr. Moldes Gómez, que fai uso dela para dicir que o seu Grupo está a favor da concesión da bonificación solicitada, pois pensan que todos teñen dereito á bonificación do ICIO.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1.- A non declaración da obra solicitada por Dª Carmela e D Andrés Docampo Paradelo (R.E. 19 de novembro de 2013) de especial interese social e histórico artístico, por non concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artístico e cultural, en base ó informe do Arquitecto Municipal.

2.- Proponer á Xunta de Goberno Local a non procedencia da bonificación do ICIO solicitada .

6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do BNG sobre “titularidade pública e disposición universal do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro galegas ”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó concelleiro Sr. Sierra Nieves, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Froito do traballo e do esforzo de miles de galegas e galegos que depositaron os seus aforros nas caixas galegas, estas, cumprindo só unha pequena parte da súa obrigada función social, foron capaces de acumularen unha colección de obra plástica e de inmóbeis que representan gran parte da nosa creación artístico-cultural desde finais do século XIX até os nosos días.

Este patrimonio mostra o alto nivel que o pobo galego acadou na expresión artística, e conforma a nosa historia e a nosa identidade colectiva. Tamén constitúe un activo económico que as galegas e galegos xa pagaron cunha mínima parte das ganancias producidas polos seus cartos, cando non con eles directamente (accións preferentes ou subordinadas). Para alén disto, este patrimonio ten unha enorme capacidade potencial como instrumento educativo e formativo e mesmo pode xerar ingresos cunha proposta de exhibición e de xestión acaída.

Aínda que a declaración destas obras como Ben de Interese Cultural é unha medida positiva, non é suficiente para evitar a súa venda, a privatización, a disgregación ou a saída de Galiza. Así, a privatización das caixas galegas pode provocar o espolio e a deslocalización deste ben propiedade de todo o pobo galego. A Xunta de Galiza ten a obriga legal e moral de velar pola integridade, pola conservación, pola posta en valor e polo rendemento económico deste patrimonio e de evitar por todos os medios o espolio desta riqueza agora en mans de Novagalicia Banco, mais aínda cando dita entidade acaba de ser alleada a unha entidade privada que ten o seu centro de decisión fóra do país .

A sociedade galega debe ser consciente deste feito e do risco que corre o patrimonio cultural e artístico galego depositado naquela entidade financeira, e achegar o seu esforzo para defender a súa lexítima propiedade e o seu dereito a gozar desta obra artística, demandando da Xunta de Galiza que tome con urxencia todas as medidas para garantir que o patrimonio cultural e artístico existente en Novagalicia Banco sexa de titularidade pública.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Que sexa de titularidade pública a totalidade do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro.
2. Manter a sede deste patrimonio en Galiza.
3. Garantir a súa visitabilidade e acceso público.”

Concédeselle a palabra ó sr. Moldes Gómez, concelleiro do grupo municipal do PP, quen di que a Xunta de Galicia está a tratar de garantir a maior protección posible a este valioso patrimonio artístico e bibliográfico, traballando co obxectivo de facilitar que os galegos e as galegas poidan coñecelo e gozar del. Di que neste sentido o goberno galego xa incoou tres expedientes no pasado mes de outubro paralelos pero independentes para proceder á declaración de ben de interese cultural (BIC) dende Patrimonio, en concreto a través das resolucións publicadas no DOG o 23 de setembro de 2013, que a Xunta de Galicia está a colaborar con todas as entidades propietarias destes bens para contribuír á máxima protección e difusión do seu patrimonio artístico e nese sentido a Xunta asinou o pasado mes de decembro un convenio de colaboración con Novagalicia Banco polo que a entidade bancaria lle cede o seu fondo bibliográfico durante un período de cinco anos para o depósito da Biblioteca de Galicia, sita na Cidade de Cultura de Galicia. Remata o sr. Moldes Gómez dicindo que polos motivos expostos anteriormente o seu Grupo vai votar en contra da Moción.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde que di que pensa que os motivos expostos polo concelleiro do PP non entran en contradición co texto da moción, que é de agradecer que a Xunta declare Ben de Interese Cultural o patrimonio das antigas caixas de aforros pero o que ten que quedar claro é que ese patrimonio quede en Galicia, pois é patrimonio de Galicia. Afirma o Alcalde que por parte dos cidadáns galegos e españois se puxeron dez mil millóns de euros para rescatar os bancos e as caixas e probablemente non se recupere nada ou practicamente nada e que polo menos nos debe quedar o patrimonio cultural. Di que o seu Grupo vai a apoiar a Moción posto que o que sería lamentable é que ademais de quedarnos sen as caixas por riba nos quedemos sen o patrimonio cultural, pois aínda que sexa BIC non quita para que se vaia a outro sitio, e que proba de elo é que se asina un convenio de préstamo por cinco anos e que se pregunta qué pasará tras eses cinco anos e si o banco poderá facer o que queira co patrimonio galego ou levalo fóra de Galicia, a Venezuela por exemplo e que o único que esta moción lle pide a Xunta é que loite para que este patrimonio quede en Galicia para sempre, polo que, como xa dixo antes, o Partido Socialista vai a votar a favor.

Di o sr Sierra Nieves que esta Moción presentada polo BNG pídelle á Xunta que faga o seu traballo, defendendo o que é de Galiza, que o Grupo do PP non distingue entre fondo bibliográfico e fondo artístico de patrimonio, pois o fondo bibliográfico non ten nada que ver co máis importante fondo de arte que ten este país, que é sen dúbida algo que a Xunta de Galicia e todos os galegos e galegas temos que protexer, pois aí están representados todos os artistas galegos e galegas do século XIX en adiante e nel se atopa practicamente a totalidade das obras de arte de Castelao, de Luis Seoane e de todos os artistas que nos representan e que moitas veces a Xunta non tratou como debería de tratar, e que ademais dese fondo de arte está toda a parte de patrimonio dos edificios históricos que tiñan as antigas caixas, situados nos cascos históricos das sete cidades galegas e nalgunha vila. Di o sr. Sierra que está ben que o fondo durante cinco anos sexa de titularidade pública e tamén está ben o paripé que se fixo de nomeamento de BIC, pero que como se di no texto da Moción non é suficiente pois estase ante o fondo máis importante de Galicia e un dos máis importantes de España.

Di o sr. Moldes Gómez que hai que esperar a ver qué pasa e que de momento se aseguran os cinco anos de cesión e logo se verá.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Que sexa de titularidade pública a totalidade do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro.**
- 2. Manter a sede deste patrimonio en Galiza.**
- 3. Garantir a súa visitabilidade e acceso público.**

7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do BNG sobre “*suba das tributacións das persoas autónomas e pequenas empresas*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó concelleiro Sr. Sierra Nieves, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que sociedades deste tipo contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuír a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Galiza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.”

Concédeselle a palabra ó sr. Melo García, concelleiro do grupo municipal do PP, quen di que o considerable incremento das cotizacións mínimas é relativo dependendo da cantidade de traballo que se teña, que a ninguén lle gusta que lle suban os impostos pero as veces é necesario, que estase debuxando un panorama negrísimo e el cre que o autónomo baséase en ter empregados e xerar riqueza e si a algún autónomo lle fan falta cincocentos traballadores non se vai a conformar con nove e que se debería ter en conta que o incremento das cotizacións vai repercutir no autónomo en mellores condicións, vai a cotizar máis pero cando lle corresponda a súa xubilación tamén poderá percibir máis. Prosegue dicindo que debería de ensinar á xente que unha subida de impostos que vai a repercutir nun mesmo é bo, e poñer o panorama tan negro profetizando que se van destruír empregos, dificultades de recuperación económica, etc., non leva a ningunha parte e que o seu grupo vai votar en contra.

Di o sr Alcalde que a próxima vez que o Grupo de Goberno actualice o IPC, solo que sexa o IPC, vaille pedir ó sr. Melo García que defenda esa subida, xa que acaba de dicir que é bo subir impostos e non llo oíra nunca a ningún membro do PP neste Pleno ante unhas subidas mínimas do IPC propostas polo Grupo de Goberno.

Solicita o uso da palabra o sr. Melo García que fai uso dela para dicir que quere matizar as palabras do alcalde xa que o autónomo cando cotiza máis si lle beneficia directamente a el.

Di o Alcalde que a Xunta cando sube a gasolina e o diésel tamén se supón que vai repercutir nos cidadáns, e como é o céntimo sanitario haberá mellor sanidade evidentemente, que o problema é si o autónomo que vai cotizar máis está co auga ó colo ou non e que estase a vender que o PP é o que baixa impostos e a verdade é que non os para de subir.

Di o sr. Melo que vaise a empezar a baixar impostos.

Fai uso da palabra o sr Alcalde que será no ano 2015, pero que de momento vanse subindo os impostos pois o Goberno da Xunta subiu a gasolina catro céntimos o 1 de xaneiro, o Goberno central do PP sobe a cota que pagan os autónomos, etc., e o sr. Montoro, que dá leccións a destro e sinistro, o único que leva feito dende que chegou foi subir os impostos a todos os españois e aumentar a débeda do estado, e o obxectivo da subida de impostos era a redución de débeda en cambio débese case o 100% do PIB e cando chegou este goberno estábase no 80% do PIB e tamén na Xunta débese moito máis que cando deixou o goberno Touriño. Di que esa é a realidade, e que os que deben menos son os Concellos, practicamente todos menos o de Madrid, que nese sentido é a panacea da débeda neste país, pois debe máis Madrid que todos os Concellos de España xuntos, e como premio ao anterior alcalde desa cidade fixérono ministro de xustiza ou das grandes inxustizas e dos grandes desastres que se están a producir en España, que esa é a realidade, que se están subindo os impostos continuamente e encima preténdese vender aos cidadáns que se queren baixar e que se están baixando e que cando ten que subir o IPC ou unha taxa ven ó Pleno e di que a sube, non a difumina como fai o goberno. Prosegue dicindo que o seu Grupo vai a apoiar esta moción, que ó final o incremento é unha minucia pois a Seguridade Social ten un déficit de 10.000 millóns de euros e o que se espera recadar son 1.000 millóns, e que o que hai que facer é controlar ás grandes empresas que son as que non pagan impostos que deberan pagar, pois o fácil é incrementar as tributación dos autónomos que son os que están controlados e mentres os clubs de fútbol non pagan nin á Facenda nin á Seguridade Social e as grandes empresas tampouco, pero a estas non se lles embarga nin se lles inspecciona como aos autónomos, que responden co seu patrimonio e que as grandes empresas como son sociedades anónimas ou sociedades limitadas ninguén debe nada, e das débedas xa se fará cargo o Estado delas, pero cando o que debe é un autónomo embárgaselle a

vivenda, e que neso é onde se debería entrar e legislar para protexer aos autónomos. Remata dicindo que ningún goberno dos que levan gobernando en España legisla enfrontándose á grande patronal e ás grandes multinacionais porque non hai valor a facelo, que son as que imponen aos gobernos de cada país o desleixo de funcións fronte aos intereses dos cidadáns e que non pode haber unha gran diferenza como a que existe entre o soldo dun traballador e o do dono da empresa, que deso é do que se debería de falar e ningún goberno dos que pasaron por España falou diso.

Di o sr. Sierra Nieves que é unha mágoa que o de baixar impostos se diga dende a oficina local do Barco e non dende a de Génova, que o sr. Melo García falou de que se estaba a pintar un panorama negrísimo, e non sabe si o concelleiro do PP sabe da realidade, pois un panorama negrísimo é que case un tercio das familias valdeorresas viven de subsidios ou pensións e onde non entra nin un soldo da empresa privada, que o que tamén un panorama negrísimo é o número de pasados que hai nesta Comarca e no resto de Galicia ou a destrución de emprego galopante e que non para de crecer ou a sangría de mozos que emigran por non poder atopar traballo no país, que tamén é un panorama negrísimo facilitarlle as cousas aos grandes empresarios en detrimento dos pequenos, como se di na moción, e, en definitiva, panorama negrísimo é o que se vive no día a día como os traballadores que había na entrada do Concello, que son dunha empresa de lousa e que levan catro meses sen cobrar.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.**
- 2. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.**
- 3. Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con**

especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre “*plan municipal para o fomento do empadramento*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédesele a palabra ó concelleiro Sr Crespo Díaz, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Tal y como publica el INE, el Concello de O Barco (14.010hab) continúa perdiendo población año tras año. Podríamos pensar que es algo común, por la lógica influencia de la difícil situación económica y social que estamos atravesando, pero si nos comparamos con municipios similares al nuestro, la realidad es otra.

Sin salirnos de nuestra provincia, y analizando los datos oficiales podemos comprobar que concellos como Verín (14.760hab) y O Carballiño (14.355hab) continúan aumentando su población, mientras que en O Barco se va reduciendo progresivamente desde el año 2009, sin que desde el Gobierno de este Concello se tome ninguna medida de calado para, por lo menos, intentar evitarlo.

Así pues, en el año 2007 las tres Villas se encontraban en una situación similar: O Barco con 13.943 habitantes ocupaba el segundo lugar, muy cerquita de Verín, con 13.991 habitantes, y O Carballiño el tercero con 13.838 habitantes.

En el año 2008 la población barquense experimentó un crecimiento de 173 personas, alcanzando su máxima cifra, a 1 de enero de 2009, de 14.213 habitantes. Pero, a partir de esta fecha, mientras Carballiño y Verín continuaban creciendo, O Barco comenzó su descenso progresivo hasta llegar a caer por debajo de la cifra de los 14.000 habitantes en la actualidad, quedando relegados al tercer puesto desde que O Carballiño nos superó en el año 2010.

La Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local en sus Artículos 15, 16 y 17 establecen la obligación de toda persona a inscribirse en el Padrón del municipio donde resida habitualmente y describen los datos que son obligatorios en la inscripción municipal. La responsabilidad de gestión, mantenimiento y custodia del Padrón municipal corresponde al Concello.

El Padrón dota al Concello de una herramienta básica, ya que le permite una acción de gobierno más **eficiente**. Por una parte, el mapa sociodemográfico

del municipio le facilita la planificación. Por otra parte, el número oficial de habitantes, es el punto de referencia para recibir recursos externos tanto en forma de financiación como de provisión de servicios.

Desde el Grupo Popular consideramos que desde el propio Concello se debe y se tiene que jugar un papel más activo, poniendo en marcha diferentes estrategias que fomenten el empadronamiento de todos los vecinos y vecinas que residen en O Barco y todavía no lo hayan hecho, y no mantenerse como simples espectadores buscando excusas y echándole la culpa a factores externos.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción de los siguientes acuerdos:

Primero.- El Concello de O Barco pondrá en marcha un Plan Municipal para fomentar el Empadronamiento a través de distintos incentivos en los trámites municipales y campañas informativas para dar a conocer las ventajas que tiene el hecho de empadronarse en el municipio.

Segundo.- Todos los Grupos Municipales nos comprometemos a dar a conocer el Plan para fomentar el empadronamiento a través de las diferentes páginas webs, blogs o redes sociales.

Tercero.- Cuando termine el plazo acordado el Gobierno Municipal dará cuenta de las acciones realizadas y los resultados obtenidos ante la Comisión Informativa correspondiente o una sesión plenaria.”

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que é verdade que se está a perder poboación dende o ano 2009 pero que dende que o Partido Socialista entrou no Goberno do Barco aumentouse o censo en 1.500 habitantes e que dende o 2009 ata o 2013 perdéronse 203 habitantes, pero solo nos dous últimos anos déronse de baixa 324 inmigrantes, que é unha das causas da perda de poboación, pois no Barco había moito residente estranxeiro, que deste tema falouse en moitas comisións, que aínda que é obrigatorio empadroarse no municipio onde se reside máis da metade do tempo, hai xente que por moitas circunstancias non está empadroada aquí, como profesores que están aquí durante o curso ou residentes no Barco que son de concellos da Comarca e que non se trata de deixar na nada a moitos concellos veciños. Remata o sr. Alcalde dicindo que como é un tema que preocupa ao seu Grupo van a apoiar a moción e evidentemente convocará unha comisión para debater unha serie de medidas a tomar e que despois se poñerán en marcha.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de O Barco poñerá en marcha un Plan Municipal para fomentar o empadramento a través de distintos incentivos nos trámites municipais e campañas informativas para dar a coñecer as vantaxes que ten o feito de empadroarse no municipio.

Segundo.- Todos os Grupos Municipais comprométense a dar a coñecer ol Plan para fomentar ol empadramento a través das diferentes páxinas webs, blogs ou redes sociais.

Terceiro.- Cando termine o prazo acordado o Goberno Municipal dará conta das accións realizadas e os resultados obtidos ante a Comisión Informativa correspondente ou nunha sesión plenaria.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

2º Rogos e preguntas.

Non se realizan.

3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 720/13 ata o nº 758/13 e dende o nº 1/14 ata o nº 18/14, e das actas da Xunta de Goberno Local de 9, 16 e 23 de xaneiro de 2014.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 720/13 ata o nº 758/13 e dende o nº 1/14 ata o nº 18/14, e das actas da Xunta de Goberno Local de 9, 16 e 23 de xaneiro de 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 19:50 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez